

## **SUBGRUPO A1-TEMA 12-TRANSPARENCIA-GALEGO**

### **TEMA 12- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

1. Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, entre os seus principios reitores atópase:

- a) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico.
- b) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía.
- c) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía.

2. De conformidade co establecido no artigo 4.1 e 4.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, están obrigadas a fornecer información á Administración:

- a) Todas as persoas físicas ou xurídicas, previstas no art. 3.1 desta lei.
- b) Todas as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos e as beneficiarias de subvencións.
- c) Todas as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos, exerzan potestades administrativas, as adxudicatarias de contratos e as beneficiarias de subvencións.

3. De conformidade co establecido no artigo 8 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre as relacións coa cidadanía, facilitarase información sobre:

- a) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía e os requisitos e condicións de acceso aos servizos públicos.
- b) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía.
- c) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía, os requisitos e condicións de acceso aos servizos públicos e as cartas de servizos aprobadas.

4. De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de relevancia xurídica, facilitarase información sobre:

- a) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada, a xurisprudencia que afecte as normas ou os actos ditados pola Administración pública competente e a relación de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación.
- b) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada, a xurisprudencia que afecte a vixencia ou a interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente e a relación de anteproxectos de lei que estean en tramitación.
- c) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada, a xurisprudencia que afecte a vixencia ou a interpretación das normas ditadas pola Administración pública e a relación de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación.



## SUBGRUPO A1-TEMA 12-TRANSPARENCIA-GALEGO

5. De conformidade co establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información dos convenios, facilitarase información sobre:

- a) A relación dos convenios subscritos de cada cuadrimestre, que se remitirá por cada consellería para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, dentro do primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano.
- b) A relación dos convenios subscritos de cada semestre, que se remitirá por cada consellería para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.
- c) A relación dos convenios subscritos de cada semestre, que se remitirá por cada consellería para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, dentro do primeiros quince días dos meses de xaneiro e setembro de cada ano.

6. De conformidade co establecido no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de subvencións, facilitarase información sobre:

- a) O texto íntegro da convocatoria das subvencións e das concesións, agás que a existencia dun interese público aconselle non publicalo.
- b) O texto íntegro da convocatoria das subvencións e das concesións.
- c) O texto íntegro da resolucións de concesión das subvencións, agás que a existencia dun interese público aconselle non publicalo.

7. De conformidade co establecido no artigo 21.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á reutilización da información do sector público autonómico:

- a) A aplicación da presente lei farase sen prexuízo da normativa aplicable ao dereito de acceso aos documentos.
- b) A aplicación da presente lei farase en todo caso con preferencia a outra normativa sobre o dereito de acceso aos documentos.
- c) Ao dereito de acceso aos documentos seralle de aplicación preferente e exclusiva a presente lei.

8. De conformidade co establecido no artigo 24.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao acceso da información pública:

- a) O acceso á información pública por un deputado ou deputada do Parlamento de Galicia rexerese pola súa normativa específica.
- b) O acceso á información pública por un deputado ou deputada do Parlamento de Galicia será libre.
- c) O acceso á información pública por un deputado ou deputada do Parlamento de Galicia rexerese por esta lei.

9. De conformidade co establecido no artigo 25.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao acceso da información pública:

- a) As limitacións ao acceso deberán de ser xustificadas e interpretaranse de maneira restritiva.
- b) As limitacións ao acceso deberán de ser proporcionadas e xustificadas.
- c) As limitacións ao acceso deberán de ser proporcionadas, xustificadas e interpretaranse de maneira restritiva.





## SUBGRUPO A1-TEMA 12-TRANSPARENCIA-GALEGO

10. De conformidade co establecido no artigo 26.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A ausencia de motivación da solicitude non será por si soa causa de rexeitamento.
- b) A ausencia de motivación da solicitude será por si soa causa de rexeitamento.
- c) A ausencia de motivación da solicitude poderá ser emendada con requirimento previo.

11. De conformidade co establecido no artigo 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) Cando as solicitudes se refiran a información que afecte dereitos e intereses de terceiros, o órgano encargado de resolver concederalles un prazo de dez días para que poidan formular alegacións.
- b) Cando as solicitudes se refiran a información que afecte a dereitos e intereses de terceiros, o órgano encargado de resolver concederalles un prazo de quince días para que poidan formular alegacións.
- c) Cando as solicitudes se refiran a información que afecte a dereitos de terceiros, o órgano encargado resolverá o que proceda tendo en conta os intereses en xogo.

12. De conformidade co establecido no artigo 28.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse potestativamente unha reclamación ante o Valedor do Pobo, que substituirá os recursos administrativos.
- b) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo que será previa aos recursos administrativos.
- c) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso só poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo.

13. Segundo o establecido no artigo 30.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno:

- a) Os órganos responsables da transparencia dependerán da Secretaría Xeral da Presidencia e da dirección xeral de cada consellería.
- b) Os órganos responsables da transparencia dependerán da Secretaría Xeral da Presidencia e da secretaría xeral técnica de cada consellería.
- c) Os órganos responsables da transparencia dependerán da Secretaría Xeral da Presidencia.

14. Segundo o establecido no artigo 31.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, respecto da coordinación e o control interno en materia de transparencia:

- a) A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación só exercerá as funcións de coordinación no cumprimento das obrigacións previstas na presente lei.
- b) A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación exercerá as funcións de coordinación e control no cumprimento das obrigacións previstas na presente lei.
- c) A Comisión Interdepartamental de Información, Transparencia e Bo Goberno exercerá as funcións de coordinación e control no cumprimento das obrigacións previstas na presente lei.



## **SUBGRUPO A1-TEMA 12-TRANSPARENCIA-GALEGO**

15. Segundo o establecido no artigo 32.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o Comisionado da Transparencia:

- a) É o órgano dependente da Consellería de Facenda sobre o control do cumprimento das obrigacións comprendidas nesta lei.
- b) É o órgano independente de control do cumprimento das obrigacións comprendidas nesta lei.
- c) É o órgano dependente da consellería en materia de función pública sobre o control do cumprimento das obrigacións comprendidas nesta lei.

16. Segundo o establecido no artigo 32.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o Comisionado da Transparencia ten entre as súas funcións:

- a) Poderá efectuar requirimentos para a corrección dos incumprimentos en aplicación da presente lei, pero non asesorar nesta materia.
- b) Asesorar en materia de transparencia e efectuar requirimentos para a corrección dos incumprimentos en aplicación da presente lei.
- c) Poderá efectuar requirimentos para a corrección dos incumprimentos en aplicación da presente lei e informar sobre anteproxectos de lei en materia de transparencia e bo goberno, pero non asesorar nesta materia.

17. Segundo o establecido no artigo 33.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Comisión de Transparencia estará composta por:

- a) Presidente ou presidenta, vicepresidente ou vicepresidenta e catro vogais.
- b) Presidente ou presidenta e catro vogais.
- c) Presidente ou presidenta, vicepresidente ou vicepresidenta e seis vogais.

18. Segundo o establecido no artigo 37.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o bo goberno, o contido das obrigacións deste título será de aplicación a:

- a) Titulares das xefaturas de servizo.
- b) Titulares das direccións xerais e persoal eventual.
- c) Titulares das subdireccións xerais.

19. Segundo o establecido no artigo 38.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o bo goberno:

- a) Non se establece un tratamento oficial para os altos cargos.
- b) O tratamento oficial dos membros do Goberno será o de Ilustrísimo/a señor/a, seguido da denominación do cargo correspondente.
- c) O tratamento oficial dos membros do Goberno e dos altos cargos será o de señor/señora, seguido da denominación do cargo correspondente.

20. Segundo o establecido no artigo 40.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os altos cargos só poderán percibir unha remuneración, con cargo aos orzamentos das administracións públicas, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que correspondan, e:

- a) As restantes cantidades que se devindiquen polo desenvolvemento dos seus cargos reteranse polo ente pagador.
- b) Non se devengarán máis importes polo desenvolvemento dos seus cargos.
- c) As restantes cantidades que se devindiquen polo desenvolvemento dos seus cargos serán ingresadas polo ente pagador na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia.

## **SUBGRUPO A1-TEMA 12-TRANSPARENCIA-GALEGO**

21. Segundo o establecido no artigo 41.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a compatibilidade da docencia co exercicio dos altos cargos:

- a) Requirirase a autorización expresa da persoa titular da consellería que nomeou o solicitante.
- b) Requirirase a autorización expresa da persoa titular da consellería de Presidencia.
- c) Requirirase a autorización expresa da persoa titular da consellería competente en materia de función pública.

22. Segundo o establecido no artigo 42.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, para a compatibilidade de actividades privadas co exercicio dos altos cargos:

- a) A persoa interesada comunicarllo á Dirección Xeral da Función Pública con carácter previo.
- b) A persoa interesada comunicarllo á Consellería de Presidencia.
- c) A persoa interesada comunicarllo canto antes á Dirección Xeral da Función Pública.

23. Segundo o establecido no artigo 43.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a compatibilidade de actividades privadas co exercicio dos altos cargos:

- a) Os altos cargos deberán evitar, na medida do posible, a influencia dos seus intereses persoais no exercicio das súas funcións e responsabilidades.
- b) Os altos cargos deberán evitar, en todo caso, a influencia dos seus intereses persoais no exercicio das súas funcións e responsabilidades.
- c) Os altos cargos non poderán exercer ningunha actividade privada.

24. Segundo o establecido no artigo 43.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a compatibilidade de actividades privadas co exercicio dos altos cargos:

- a) O alto cargo que posúa participacións nunha empresa superiores ao límite legal, establecido no artigo 43.3 desta lei, terá que allealas ou cedelas, no prazo de seis meses computables desde o día seguinte ao do seu nomeamento.
- b) O alto cargo que posúa participacións nunha empresa superiores ao límite legal, establecido no artigo 43.3 desta lei, terá que allealas ou cedelas, no prazo de tres meses computables desde o día seguinte ao do seu nomeamento.
- c) O alto cargo que posúa participacións nunha empresa superiores ao límite legal, establecido no artigo 43.3 desta lei, terá que allealas ou cedelas, no prazo dun ano computable desde o día seguinte ao do seu nomeamento.

25. Segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a compatibilidade de actividades privadas co exercicio dos altos cargos:

- a) Durante o exercicio do seu cargo, así como nos dous anos seguintes ao seu cesamento, os altos cargos non poderán ter activos financeiros en países ou territorios con cualificación de paraíso fiscal.
- b) Durante o exercicio do seu cargo, así como nos tres anos seguintes ao seu cesamento, os altos cargos non poderán ter activos financeiros en países ou territorios con cualificación de paraíso fiscal.
- c) Durante o exercicio do seu cargo, os altos cargos non poderán ter activos financeiros en países ou territorios con cualificación de paraíso fiscal.



## **SUBGRUPO A1-TEMA 12-TRANSPARENCIA-GALEGO**

26. Segundo o establecido no artigo 48.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o órgano competente para a xestión do réxime de incompatibilidades dos altos cargos está adscrito a:

- a) A consellería competente en materia de facenda.
- b) A consellería competente en materia de función pública.
- c) A consellería de Presidencia.

27. Segundo o establecido no artigo 50.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o Goberno en funcións e o traspaso de poderes:

- a) O Goberno en funcións non poderá, salvo casos de urxencia ou cando existan razóns motivadas que o xustifiquen, adxudicar contratos que teñan unha vixencia plurianual ou cunha estimación económica superior aos 150.000 euros.
- b) O Goberno en funcións non poderá adxudicar contratos que teñan unha vixencia plurianual ou cunha estimación económica superior aos 150.000 euros.
- c) O Goberno en funcións só poderá adxudicar contratos dunha estimación económica inferior aos 200.000 euros.

